

**Antonio Lopez**

**De:** D.X. de Inclusión Social [dxinclusion.politicasocial@xunta.gal]  
**Enviado el:** martes, 10 de enero de 2017 12:00  
**Asunto:** Migración de SIUSS a SIUSSGAL

Estimado alcalde/sa:

A Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e da Consellería de Política Social, está a traballar na migración do Sistema de información de usuarios de servizos sociais (SIUSS), que ata o de agora estaba aloxado nun servidor do Ministerio de Sanidade Servizos Sociais e Igualdade (MSSSI), para que o dito programa informático quede instalado e aloxado nun servidor propio da Comunidade autónoma, baixo o control da AMTEGA. Co obxectivo de adaptar a aplicación actual ao sistema galego de servizos sociais, estase a ultimar a posta en funcionamento inmediato deste Sistema de información de usuarios de servizos sociais de Galicia (SIUSSGAL), que actualmente xa se está testando, a modo de pilotaxe, nalgúns concellos por parte do persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais, nomeadamente as/os traballadoras/es sociais dos ditos servizos municipais.

Ao igual que SIUSS o era ata agora, SIUSSGAL será proximamente a a ferramenta profesional de uso obrigado para o persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais. A aplicación SIUSSGAL, en coherencia coa función de canle de acceso e primeiro nivel de intervención que teñen os servizos sociais comunitarios municipais no sistema galego de servizos sociais, será o eixo da información relativa á intervención social coas persoas usuarias dos servizos sociais e, xunto coa información doutras aplicacións informáticas dos servizos sociais especializados, contribuirá a construír e configurar a historia social única electrónica (HSUE) de cada unha das persoas que requiran a intervención dos servizos sociais (dunha maneira moi similar ao que fai a historia clínica no ámbito dos servizos de saúde do Sergas). As persoas usuarias do sistema de servizos sociais rexistraranse e figurarán como beneficiarias nas ditas aplicacións informáticas (SSIUSSGAL e HSUE) coa finalidade de poder darlles unha atención adecuada e, ao tempo, poder dispor da información necesaria para unha planificación e avaliación do sistema galego de servizos sociais, tanto a nivel municipal como autonómico.

Xa lle anuncio que a antedita migración de SIUSS a SIUSSGAL está prevista para o vindeiro o día 23/01/2017. De acordo con esta previsión, o programa SIUSS deixará de estar dispoñible a partir das 16:00 horas do día 23/01/2017, momento no que se iniciará a dita migración. Por este motivo, todas as persoas que teñan acceso a SIUSS deberán ter pechada a aplicación a esa hora, coa finalidade de evitar problemas. Se todo se desenvolve segundo o previsto, o día 24/01/2017 xa estará dispoñible e operativo SIUSSGAL, desde primeira hora da mañá, nun novo enderezo web, con todos os datos de SIUSS incorporados.

Desde a Consellería de Política social, poñemos a súa disposición e a das/os profesionais o equipo técnico de soporte de SIUSSGAL, que xa viñan utilizando con SIUSS, e no que poden atopar apoio, colaboración, e a resolución de calquera dúbida que lles xurda. Poden contactar, tanto por mail ([soporte.siu.ctlb@xunta.gal](mailto:soporte.siu.ctlb@xunta.gal)) como por tfno.: 981 542 974 e 981 547 330.

Finalmente, dado que SIUSSGAL vaise integrar coa Historia Social Única Electrónica (HSUE), recórdase que, coa finalidade de impulsar e facilitar a posta en funcionamento da HSUE nas entidades locais de toda a comunidade autónoma, foi asinado un Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP (<http://www.fegamp.gal/sites/default/files/artigos/descargas/2016-cvhistoriasocialelectronica.pdf>), que prevé a adhesión por parte de cada concello mediante a sinatura dun protocolo que figura como Anexo ao texto do convenio. Neste convenio recóllense as obrigas da Xunta de Galicia con relación a garantirles o acceso á plataforma HSUE aos profesionais das entidades locais, incluíndo o acceso a SIUSSGAL (cláusula undécima, dispoñibilidade dos sistemas), xunto co emprego da información da Historia Social Única Electrónica para os fins recollidos no Decreto 89/2016 (cláusula duodécima, uso da historia social única electrónica pola administración autonómica). Tamén regula as obrigas das entidades locais con relación ao compromiso do impulso, promoción, difusión e uso axeitado dos servizos electrónicos postos a disposición coa plataforma HSUE (cláusula décimo terceira, utilización dos servizos), en relación ao emprego da información da HSUE para os fins recollidos no Decreto 89/2016 (cláusula decimo cuarta, uso da HSUE polas entidades locais) e en relación ás obrigas en materia de protección de datos

persoais derivadas da posta en funcionamento do sistema de HSUE (cláusula décimo quinta, protección de datos). Con respecto a isto último, o convenio recolle, conforme ás previsións do Decreto 89/2016, o papel da Xunta de Galicia como responsable do ficheiro dos datos de carácter persoal xestionados a través da HSUE, e mais o papel das entidades locais coma encargadas de tratamento, establecéndose as implicacións derivadas para as entidades locais (deber de información, exercicio de dereitos, medidas de seguridade). Por todo o anterior, a adhesión a este convenio é moi conveniente para os concellos de cara a evitar situacións de inseguridade xurídica no tratamento de datos de carácter persoal por parte dos servizos sociais comunitarios municipais.

Saúdos cordiais!

Arturo Parrado Puente  
Director Xeral de Inclusión Social  
Consellería de Política Social  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono 981 544 653